

Federico López Silvestre

OS LÍMITES DA PAISAXE
na Galicia dos
Austrias (1517-1700)
Historia da paisaxe, I

Traducción de Margarita Neira

BIBLIOTECA NUEVA

ÍNDICE

PRÓLOGO	11
INTRODUCCIÓN. POR UNHA HISTORIA DA PAISAXE EN GALICIA ..	13
Conceptos	15
Tema	18
Preguntas e hipótese	20

PRIMEIRA PARTE EVOLUCIÓN DA PROTOPAISAXE EN GALICIA

1. A PAISAXE ANTES DA PAISAXE	27
1.1. A ausencia dunha palabra	31
1.2. Paisaxes descritas	37
1.3. Paisaxes pintadas	51
1.4. Xardíns artísticos	61
2. ALGUNHAS CONCLUSIÓNS E CONXECTURAS	67

ÍNDICE

SEGUNDA PARTE O ASCETISMO CATÓLICO E OS LÍMITES DA PAISAXE

1. A CONCEPCIÓN ASCÉTICA DO MUNDO NA GALICIA DOS AUSTRIAS	73
1.1. O Ascetismo na Galicia da Reforma e a Contrarreforma	75
1.2. A subordinación das artes ao dogma na Galicia dos Austrias	95
2. OS LÍMITES DA PAISAXE NA GALICIA DOS AUSTRIAS ...	113
2.1. Apoios á paisaxe: a filosofía e a moral?	115
2.2. Apoios á paisaxe: a clientela?	124
2.3. Apoios á paisaxe: os escritores e os pintores?	135
2.4. Apoios á paisaxe: a técnica e a linguaxe?	140
2.5. «Un ceo cunha cidade e cos seus <i>lexos</i> ». A paisaxe bíblica e o tópico celestial	150
BIBLIOGRAFÍA E SIGLAS	163
1. Referencias bibliográficas abreviadas	163
2. Bibliografía	168
a) Para a lingüística diacrónica (evolución dos termos «paisaje» e «paisaxe»)	168
b) Para a cultura visual	169
c) Para a cultura escrita	178
d) Para os xardíns e as alamedas (fundamentalmente do século XVIII)	185
3. Siglas de arquivos, museos, bibliotecas e institucións visitados ou citados	196

PRÓLOGO

Este é o primeiro dunha serie de tres libros dedicados á historia da paisaxe en Galicia. Hai agora doce anos que comecei a traballar neles e, cando iniciei a tarefa, pronto me din conta de que a orientación do historiador da arte tradicional, preocupado principalmente polos grandes cadros, non facía xustiza ao que a paisaxe chegara a ser en Galicia. No que se refire á pintura da paisaxe, esta terra non legara demasiado á posteridade: arte tardía e non sempre de calidade. A pesar de todo, a paisaxe estivo e está en boca de todos: pintores, poetas, periodistas e políticos non paran de referirse a ela dende hai moitos anos. A medida que afondei na cuestión comprendín que se se quería valorar correctamente o que a paisaxe é para Galicia debía cambiarse a formulación. Non se trataba tanto de catalogar pinturas, unhas boas e outras mediocres, coma de historiar o fenómeno desde unha perspectiva máis ampla, unha perspectiva cultural. O estudo en paralelo da literatura e da linguaxe, da xardinería e da iconografía podía permitir avalialo fenómeno na súa medida.

Para abarcar todo ese material sen fracasar facía falta en primeiro lugar unha definición da paisaxe capaz de incorporala con rigor e un método historiográfico capaz de estuda-

la diacronicamente. Un periplo de anos de viaxes e lecturas levoume, entre outras, á Escola de Ecoloxía e Paisaxismo da Facultade de Arquitectura da Universidade Central de Santiago de Chile, ás universidades Lumière e Jean-Moulin de Lyon e ás Escolas de Altos Estudos en Ciencias Sociais e de Arquitectura (La Villette) de París. No curso dos mesmos e noutros que non fai falta mencionar, tiveron o pracer de ler e coñecer a arquitectos, xeógrafos, enxeñeiros agrónomos e filósofos como Pablo Vodanovic, Augustin Berque, Alain Roger, Yves Luginbühl, Joan Nogué ou Javier Maderuelo. As súas conferencias, os seus escritos e as charlas que puiden manter con eles están na orixe da teoría da paisaxe e do método historiográfico que rematei adoptando.

Unha vez sentadas as bases —coas ferramentas adecuadas para enfrontarme a unha visión interdisciplinaria da paisaxe—, retomei o tema que, dende o principio, tiña na mente: a historia da paisaxe en Galicia. Tamén nese aspecto, a investigación fíxose longa e complexa, anos pechado en bibliotecas galegas e madrileñas. Anos que, non obstante, foron frutíferos e máis levadeiros grazas á axuda e aos comentarios de profesores como María Luísa Sobrino, Alfredo Vigo, Jesús Sánchez, Domingo González Lopo, Roberto López, Andrés Rosende, Juan Monterroso, Rubén Lois, Miguel Taín, Anxo Tarrío, Antón Santamarina ou Montserrat Corral, de amigos como María Álvarez, Juan Corral, Pedro de Llano, Yolanda Pérez, Miguel Anxo Rodríguez, Emanuela Saladini ou Manuel Segade, e da miña querida familia.